



|                          |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
|--------------------------|---|---|---|---|---|---|----|---|---|---|---|---|--|
| Especies:                |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
|                          | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |  |
| <b>Rareos</b>            |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
| Zonas:                   |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
| Especies:                |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
|                          | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |  |
| <b>Limpezas e arados</b> |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
| Zonas:                   |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
|                          | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |  |
| <b>Outros</b>            |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |

### Consideracións:

- Non se presenta avaliación dos recursos que fundamente as especies explotables, zona de traballos, topes de captura e participantes. De acordo co informe técnico debería facerse unha mostraxe onde se indicase alomenos a presenza ou non das especies que pretenden explotar e facer unha estima das cantidades a extraer en peso húmido. Ademais debería diferenciarse as épocas de extracción atendendo ao tipo de especie a recolleitar, así por exemplo, no caso da corre non solicitan extracción nos meses onde o recurso ten un índice de condición ideal.
- Excluir a zona de Meloxo, que pertence por acordo entre entidades á confraría de Cambados, polo que se quixeran explotar esta zona necesitarían de autorización expresa desta confraría.
- O horario proposto no plan, de 8:00 a 17:00 non se corresponde co autorizado para marisqueo dende embarcación, segundo o establecido no artigo 115 do Decreto 423/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia, que é de 8:00 a 14:00.
- Non poderían aceptarse as condicións para a renovación dos permisos de explotación (apartado 2.4) por non estar contempladas na normativa vixente sobre a explotación de recursos específicos, nin sobre os permiso de explotación de ditos recursos.
- En relación co apartado 2.4 e 2.6 do plan, nos que se contemplan a expulsión temporal e total do plan de explotación, cumpre advertir á entidade que calquera privación do dereito de exércela actividade marisqueira por parte dunha confraría a través dun procedemento sancionador, que supoña a exclusión parcial ou total dun plan de explotación no que o mariscador estaba incluído, non está contemplada na normativa que regula a explotación de recursos específicos nin no permiso de explotación. A persoa afectada, ante unha sanción do tipo contemplado no plan, poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).
- A autorización para o uso das distintas técnicas de mergullo está supeditado a que os mergulladores estean en posesión dos certificados profesionais acordos coa técnica empregada, así como ao estricto cumprimento da normativa sobre o mergullo.